

Shirley Jackson

Sempre vivimos no castelo



rinoceronte



Para Pascal Covici



Chámome Mary Katherine Blackwood. Teño dezaioito anos e vivo coa miña irmá Constance. Moitas veces pensei que cun pouco de sorte podería nacer sendo muller lobo, porque teño os dedos medio e anular igual de longos, pero debín conformarme co que teño. Non me gusta lavarme, nin os cans, nin o ruído. Gústame a miña irmá Constance, Ricardo Corazón de León e a *Amanita phalloides*, o cogomelo mortal. Os demais membros da miña familia morreron.

A última vez que botei unha ollada aos libros da biblioteca que están no andel da cociña vin que debera devolverlos había máis de cinco meses, e pregunteime se non escollería outros de saber que eses serían os últimos, os que ían quedar para sempre no andel da nosa cociña. Case nunca cambiabamos as cousas de sitio; os Blackwood nunca fomos unha familia dada aos cambios nin á axitación. Trásegabamos cos pequenos obxectos transitorios que había na superficie, libros, flores e culleres, pero debaixo sempre tiñamos unha sólida cimentación de posesións estables. Sempre devolvíamos as cousas ao seu sitio. Quitábonslles o po aos cadros, ás alfombras e ás lámpadas, varriamos debaixo das mesas, das cadeiras e das camas, pero deixabamos todo onde estaba; o xogo de toucador de carei colocado na cómoda da miña nai nunca se moveu do seu sitio máis ca uns milímetros. Os Blackwood sempre viviron nesta casa, e tiñan as súas cousas en orde;

se un Blackwood casaba, en canto chegaba a nova esposa buscábaselles un sitio ás súas pertenzas, e deste xeito a nosa casa construíuse con varias capas de propiedades dos Blackwood, que lle daban peso e a mantiñan firme contra o mundo.

Foi un venres de finais de abril cando trouxen os libros da biblioteca á casa. Os venres e os martes eran uns días horribles, porque tiña que ir á vila. Alguén tiña que ir á biblioteca, e á tenda; Constance nunca se afastaba do seu horto, e o tío Julian non podía saír. Daquela, non era o orgullo o que me levaba á vila dúas veces por semana, nin sequera a teimosía, senón a simple necesidade de libros e comida. Era quizais o orgullo o que me levaba a tomar un café na de Stella antes de volver para a casa; dicíame a min mesma que era por orgullo, e que non ía deixar de ir á de Stella por moito que devesese por estar na casa, pero tamén sabía que, se non entraba, Stella me vería pasar, e quizais pensaría que tiña medo, e esa idea si que non a soportaba.

–Bos días, Mary Katherine –dicía sempre Stella, achegándose para pasarlle un trapo húmido á barra–. Que tal estás?

–Moi ben, grazas.

–E Constance Blackwood, está ben?

–Moi ben, grazas.

–E que tal está el?

–Ben, tendo en conta a súa situación. Un café só, por favor.

Se entraba alguén máis e sentaba á barra, deixaba o meu café sen mostrar présa e marchaba, despedíndome de Stella cun aceno da cabeza.

–Que vaia ben –dicía ela sempre, automaticamente, cando eu saía.

Escollía os libros da biblioteca con coidado. Na nosa casa había libros, naturalmente (o despacho do noso pai tiña dúas paredes cubertas deles), pero a min gustábanme os contos e os libros de historia, e a Constance gustábanlle os de cociña. Aínda que o tío Julian nunca tocaba un libro, pola tarde gustáballe ver a Constance lendo mentres el traballaba nos seus papeis, e por veces volvía a cabeza para mirala e asentía.

—Que les, querida? Que bonita imaxe, a dunha dama cun libro.

—Estou a ler un libro que se titula *A arte de cociñar*, tío Julian.

—Admirable.

Naturalmente, co tío Julian no cuarto nunca podiamos estar moito tempo en silencio, pero non lembro que nin Constance nin eu chegásemos a abrir os libros da biblioteca que seguen no andel da nosa cociña. Cando saín da biblioteca era unha bonita mañá de abril; o sol brillaba, e por todas as partes se percibían as falsas promesas de gloria da primavera, que se manifestaban estrañamente entre a sucidade da vila. Lembro que quedei na escaleira da biblioteca suxeitando os libros e, durante un anaco, mirei o verdor tenuemente insinuado nas ramas contra o ceo e desexei, coma sempre, poder volver á casa polo ceo en vez de ter que atravesar a vila. Dende a escaleira da biblioteca podía cruzar a rúa directamente e camiñar pola outra beirarrúa ata a tenda, pero iso significaba pasar por diante da droguería e dos homes que estaban sentados á súa porta. Nesta vila, os homes mantíñanse mozos e eran os que rexoubaban, mentres as mulleres envellecían cun cansazo gris e maligno, agardando en silencio a que os homes se levantasen e volvesen para a casa. Tamén me podía afastar da biblioteca subindo pola mesma beirarrúa ata chegar fronte

á tenda e logo cruzar; era preferible, aínda que así pasaba por diante da oficina de correos e da casa Rochester, coas moreas de chapa enferruxada, os coches desfeitos, as latas de gasolina baleiras, os colchóns vellos e os accesorios de baño e bañeiras que a familia Harler levaba para a casa e que —estou firmemente convencida— adoraba.

A casa Rochester era a máis bonita da vila, e noutrora tivera unha biblioteca revestida de madeira de nogueira, un salón de baile no primeiro andar e unha profusión de rosas no soportal; a nosa nai nacera alí, e por dereito aquilo debería ser de Constance. Decidín, coma sempre, que sería máis seguro pasar por diante da oficina de correos e da casa Rochester, a pesar de que me desagradaba ver a casa onde nacera a nosa nai. Pola mañá, ese lado da rúa adoitaba estar deserto, porque daba a sombra e, de todos os xeitos, despois de ir á tenda tería que pasar por diante da droguería para volver á casa, e pasar por alí á ida e á volta era máis do que podía soportar.

Nas aforas da vila, en Hill Road, River Road e Old Mountain, construíran unhas casas moi bonitas xente como os Clarke e os Carrington. Para chegar ata alí tiñan que cruzar a vila, porque a rúa principal tamén era a estrada estatal, pero os fillos dos Clarke e dos Carrington ían a colexios privados, e a comida que se preparaba nas cociñas de Hill Road procedía doutras vilas e mais da cidade; ían recoller o correo en coche á oficina de correos da vila e pasaban por River Road ata Old Mountain, pero os de Mountain enviaban as súas cartas dende as outras vilas, e os de River Road cortaban o pelo na cidade.

Sempre me desconcertou que a xente da vila, que vivía nas súas sucias casiñas na estrada estatal ou en Creek Road, sorrise e saudase coa cabeza e coa man cando pasaban no coche os Clarke e os Carrington; se Helen Clarke



entraba na tenda de Elbert para mercar unha lata de salsa de tomate ou unha libra de café que lle esquecera á súa cociñeira, todo o mundo lle dicía «bos días» e comentaba que ese día ía mellor tempo. A casa dos Clarke é máis nova, pero non mellor ca a dos Blackwood. O primeiro piano que se viu na vila tróuxoo o noso pai. Os Carrington son os donos da fábrica de papel, pero os Blackwood teñen todas as terras que hai entre a estrada e o río. Os Shepherd de Old Mountain construíron a Casa do Concello, que é un edificio branco e acabado en punta, con céspede e un canón diante. Nunha ocasión falouse de facer un plan urbanístico, derrubar as chabolas de Creek Road e reconstruír toda a vila no estilo da Casa do Concello, pero ninguén moveu nunca un dedo; se cadra pensaban que se o facían os Blackwood empezaría a asistir aos plenos municipais. A xente da vila ía solicitar as licenzas de caza e pesca á Casa do Concello, e unha vez ao ano os Clarke, os Carrington e os Shepherd asistían ao pleno e votaban solemnemente para que se retirase a chatarrería dos Harler da rúa principal e quitasen os bancos de diante da droguería, e cada ano a xente da vila votaba alegremente en contra. Pasando a Casa do Concello, á esquerda, está Blackwood Road, a estrada que leva á nosa casa. Blackwood Road rodea as terras dos Blackwood describindo un gran círculo, e ao longo de toda a súa extensión hai un aramado que levantou o noso pai. Pouco despois da Casa do Concello está a enorme pedra negra que indica a entrada do carreiro, e alí abro a cancela, péchoa con chave, cruzo o bosque e xa estou na casa.

A xente da vila sempre nos odiou.

Cando ía á compra facía un xogo. Inspirábame nos xogos de mesa infantís cun taboleiro dividido en casas, nos que

os xogadores avanzan tras tiraren os dados; sempre había perigos, como «perdes unha quenda», «retrocede catro casas» ou «regresa ao principio», e pequenas axudas, como «avanza tres casas» ou «tira de novo». O meu punto de partida era a biblioteca, e a miña meta, a pedra negra. Tiña que baixar por un lado da rúa principal, cruzar e logo subir polo outro lado ata chegar á pedra negra, e así gañaría. Comecei ben, cun movemento bo e seguro pola beirarrúa deserta da rúa principal, e podía acabar sendo un día moi bo; ás veces sucedía, pero as mañás de primavera non era habitual. Se resultaba ser un día moi bo, máis tarde ofendería unha xoia en sinal de gratitude.

Púxenme en marcha camiñando con présa, inspirando fondo para manter o paso, sen mirar ao meu arredor; tiña que cargar cos libros da biblioteca e coa bolsa da compra, e miraba como os meus pés se movían un despois do outro; dous pés dentro dos vellos zapatos marróns da nosa nai. Tiven a sensación de que alguén me miraba dende o interior da oficina de correos –non aceptabamos correspondencia e non tiñamos teléfono; ambas as cousas fixéranse insoportables seis anos atrás–, pero podía soportar unha ollada rápida dende a oficina: era a anciá señorita Dutton, que nunca miraba abertamente, como os demais, senón só a través das persianas ou dende detrás das cortinas. Eu nunca miraba para a casa Rochester. Non soportaba a idea de que a nosa nai nacesse alí. Ás veces preguntábame se os Harler saberían que vivían nunha casa que debería ser de Constance; no seu patio había sempre tal ruído de chapa golpeada que non me oían pasar. Se cadra pensaban que o permanente ruído escorrentaba os demos, ou se cadra gustáballes a música e resultáballes agradable; se cadra os Harler vivían de portas para dentro igual ca de portas para fóra, sentados en bañeiras vellas e ceando en pratos rotos

sobre o esqueleto dun Ford vello, entre un repenique de latas e falando aos berros. Diante da casa dos Harler había sempre unha salpicadura de roña na beirarrúa.

Despois había que cruzar a rúa (perdes unha quenda) para chegar á tenda, xusto en fronte. Sempre quedaba vacilando, vulnerable e exposta, na beirarrúa mentres pasaba o tráfico. Na rúa principal, a maioría do tráfico era de paso, coches e camións que atravesaban a vila porque así o facía a estrada, de modo que os condutores apenas me miraban; podía saber se un coche era do lugar pola mirada rápida e fea do condutor, e preguntábame, sempre, que sucedería se baixase da beirarrúa á calzada: habería un rápido golpe de volante, case involuntario, cara a min? Só para asustarme, se cadra, só para verme dar un salto? E logo as risas, procedentes de todas as partes, de detrás das persianas da oficina de correos, dos homes sentados diante da droguería, das mulleres asomándose á entrada da tenda, todos mirando e refocilándose ao ver como Mary Katherine Blackwood corría para esquivar un coche. Ás veces perdía unha ou mesmo dúas quendas porque agardaba pacientemente a que non viñesen coches en ningún sentido antes de cruzar a estrada.

Tras percorrer a metade da rúa abandonei a sombra e saín ao brillante e enganoso sol de abril; en xullo, a superficie da estrada estaría amolecida pola calor e apegaríanse-me os pés, facendo máis perigoso cruzar (Mary Katherine Blackwood, cos pés atrapados no piche, agarda arrepiada a que un coche lle pase por riba; de volta á casa de saída e empeza outra vez), e os edificios veríanse aínda máis feos. Toda a vila era da mesma feitura, período e estilo; era coma se a xente necesitase a fealdade da vila, e a alimentase. Parecía que construísen as casas e as tendas con desdeñosa présa para dar refuxio ao insulso e ao desagradable, e que a casa

dos Rochester, a dos Blackwood e mesmo a do Concello fosen transportadas alí quizais por accidente dende algún lugar fermoso e distante onde a xente vivía con elegancia. Quizais esas casas bonitas as capturaran –quizais para castigar os Rochester e os Blackwood, e a mala vontade que alimentaban en segredo?– e tíñanas prisioneiras na vila; quizais a súa lenta putrefacción era un símbolo da fealdade dos habitantes da vila. A fileira de tendas que había ao longo da rúa principal era dun gris uniforme. Os donos das tendas vivían enriba delas, nunha fileira de vivendas no primeiro andar, e a sucesión regular de fiestras do primeiro andar exhibía unhas cortinas pálidas e carentes de vida; na vila, calquera cousa que intentase ter cor perdía rapidamente a alma. Os Blackwood nunca tiveron nada que ver coa degradación da vila; a xente da vila pertencía a ese lugar, e non había ningún outro axeitado para ela.

Cando me achegaba á fileira de tendas sempre pensaba na putrefacción; pensaba en queimar a podremia negra e dolorosa que o roía todo dende dentro, causando tanto mal. Era o que lle desexaba á vila.

Tiña unha lista da compra; facíama Constance todos os martes e venres antes de que saíse da casa. Á xente da vila non lle gustaba o feito de que sempre tivésemos bastante diñeiro para comprar o que quixésemos; retiráramos o noso diñeiro do banco, por suposto, e sabía que falaban do diñeiro que había oculto na nosa casa, coma se fosen grandes moreas de moedas de ouro e Constance, o tío Julian e eu sentásemos polas tardes, esquecendo os libros da biblioteca, e xogásemos con elas, pasándolles a man, contándolas, empillándolas e derrubándolas, burlándonos e ríndonos deles tras as portas pechadas con chave. Imaxino que na vila había moitos corazóns podres que cobizaban as nosas moreas de moedas de ouro, pero eran covardes e tíñanlles

medo aos Blackwood. Cando saquei a lista da miña bolsa da compra saquei tamén o moedeiro, para que Elbert, o tendeiro, soubese que levaba diñeiro e que non podía negarse a venderme o que necesitase.

Daba igual quen estivese na tenda. Sempre me atendían decontado; o señor Elbert ou a súa pálida e avara esposa sempre deixaban o que estivesen facendo para proporcionarme o que quería. Ás veces, se o seu fillo máis vello estaba axudando durante as vacacións escolares, apresurábanse para asegurarse de que non fose el quen me atendese, e unha vez que unha cativa –unha nena de fóra da vila, naturalmente– se achegou a min, a señora Elbert apartouna tan bruscamente que se puxo a berrar, e produciuse un longo silencio mentres todos agardaban a que a señora Elbert respirase fondo e preguntase: «Algo máis?». Cando se me achegaban os nenos, sempre me mantiña tesa e ergueita, porque lles tiña medo. Tiña medo de que puidesen tocarme e as nais se botasen a min coma unha bandada de falcóns; esa era a imaxe que tiña sempre na mente: aves que descendían, atacaban e ferían coas súas garras coma coitelas. Ese día tiña que mercarlle moitísimas cousas a Constance, e foi un alivio ver que na tenda non había nenos nin demasiadas mulleres; tira de novo, pensei, e deille os bos días ao señor Elbert.

El respondeu cun aceno da cabeza; non podía negarme completamente o saúdo, e, no entanto, as mulleres que había na tenda estaban mirando. Vireilles as costas, pero seguía sentindo a súa presenza detrás de min mentres sostenían unha lata, unha bolsa de galletas a medio encher ou unha leituga, sen a menor intención de moverse ata que eu saíse pola porta e se reiniciase a súa leira para volver mergullalas nas súas propias vidas. A señora Donell estaba en algures, por alí detrás; víraa ao entrar e pregunteime, coma

noutras ocasións, se acudía á mantenta cando sabía que ía eu, porque sempre tentaba dicir algo; era unha das poucas que falaban.

—Un polo para asar —díxenlle ao señor Elbert, e no outro lado da tenda a avara da súa esposa abriu o frigorífico, sacou un polo dun caixón e púxose a envolvelo—. Unha perna de cordeiro pequena —dixen—, que ao meu tío Julian sempre lle apetece cordeiro asado cando chega a primavera.

Non debería dicilo, xa o sabía, e unha pequena exclamación contida percorreu a tenda coma un berro. Se dixese o que realmente tiña gana de dicirlles quizais botasen a correr coma coellos, pensei, pero só serviría para que se xuntasen fóra e me agardasen alí.

—Cebolas —díxenlle educadamente ao señor Elbert—, café, pan, fariña. Noces —dixen—, e azucre, que nos queda moi pouco azucre.

Dende algún lugar, detrás de min, oíuse unha risiña de horror, e o señor Elbert mirou por riba de min, brevemente, e logo os artigos que estaba a preparar no mostrador. A señora Elbert traería nun momento o polo e mais a carne, envoltos, e deixaríalos onda as outras cousas; non tiña que xirarme ata que me dispuxese a marchar.

—Dous cuartos de galón de leite —dixen—. Media pinta de nata, unha libra de manteiga. —Había seis anos que os Harris deixaran de traernos os produtos lácteos á casa, e agora collía o leite e a manteiga na tenda—. E unha ducia de ovos. —Constance esquecera poñer os ovos na lista, pero na casa só quedaban dous—. Un paquete de crocante de cacahuete —dixen; o tío Julian pasaría a noite partíndoo cos dentes e mastigándoo ruidosamente sobre os seus papeis, e iríase deitar todo pegañento.

—Aos Blackwood sempre lles gustou a boa mesa.